

Aulas de 3 anos

Estimadas familias, neste PDF continuamos coa estruturación temporal proposta no anterior PDF.

Primeiro:

ASEMBLEA: reunión dos membros da familia. Decidimos as actividades que imos facer ó longo do día, anotamos o número de persoas que estamos na casa e o número de persoas que saíron. Escribimos o seu nome (coa vosa axuda). Marcamos o día no calendario e miramos que tempo fai.

Para iniciar o día continuamos coas mesmas cancións:

- "Buenos días"
- "Los días de la semana"
- "Como está el clima"

Aquí tedes o enlace dunha nova canción:

- "Os días da semana".

Segundo :

Traballo individual na mesa (podedes escoller unha das actividades propostas para cada día).

- Escribir o nome dos/as compañeiros/as coa vosa axuda, contar o número de nomes que foron capaces de recordar.
- Debuxar en bandexa de sal ou area as vogais (A,E,I,O,U).
- Traballar a grafía do nº 1 e 2 repasando os trazos (Ficha 1 e Ficha 2).
- Une cada obxecto co sentido necesario para percibilo (Ficha 3 do PDF).
- "O xardín das bolboretas". Na primavera as bolboretas voan polo xardín. Repasa a bolboreta pola liña de puntos e colorea. Despois debuxa outras bolboretas (Ficha 4 do PDF).
- Recortar o crebacabezas e volver a montalo na orde correcta. (Ficha 5 do PDF)
- "A oruga das vogais". Repasamos as vogais primeiro cun lapis e despois pintamos a oruga. Repetimos as vogais nos círculos (Ficha 6 do PDF).
- "O caracol de cores". Traballaremos nesta ficha coas series. Tedes que pintar o caracol alternando as cores (Ficha 7).

- Traballaremos coas formas e os cores. Para isto recortade as imaxes da Ficha 8 e pégaas segundo corresponda en función da súa forma e color na Ficha 9.
- O Arco da Vella. Estes días as fiestras de todas as casas énchense de Arcos da Vella e por iso imos facer o noso (Ficha 10).

Terceiro:

Merenda, xogo libre.

Cuarto:

Momento do conto: podedes seguir empregando os contos clásicos que teñades na casa, os que xa se recolleron no anterior PDF e dous novos que son:

- Maisy va a la biblioteca. Pulsade no enlace e podedes ler o conto na pantalla.
- Pajarita de papel. Pulsade no enlace e podedes escoitar o conto na pantalla.

Quinto. Podedes elixir unha das actividades para realizar cada día, por exemplo: luns actividades dos recantos, martes de música, mércores de psicomotricidade, xoves praxias e venres experimentos ou valores.

Actividades que desenvolven na aula nos recantos como:

- Modelar con plastilina (letras, números, churros...)
 - Decorar caixas de cartón que sirvan para gardar obxectos.
 - Representar simbólicamente accións da vida real, por exemplo, poñer a mesa...
 - Verbalizar as posicións onde colocan os xoguetes, por exemplo, este coche está dentro de...
 - Asociar pinzas da roupa de cor ou pintadas con figuras xeométricas, que poden facer coa vosa axuda, da mesma cor.
 - Buscar imaxes que empecen como o seu nome.
 - Clasificar froitas pola súa cor, textura e sabor.
-
- Podemos xogar ao "Sudoku do tempo". Na Ficha 11 do PDF tedes un Sudoku. Colorea todas as imaxes. Despois recorta as figuras do recadro de abaixo e xa podemos comezar o xogo. Recorda, cada imaxe só pode aparecer unha vez en cada liña e en cada columna.
 - Facemos unha pequena manualidade. Realizamos unha bolboreta da primavera. Ficha 12 e 13 do PDF.

Con relación a música a profe enviávos a seguinte mensaxe:

"Ola familias! Presento unha serie de actividades que poderedes facer dende as casas cos nenos/as. A maioría dos enlaces que aquí presento, corresponden a contidos musicais sinxelos, correspondentes á etapa de Educación Infantil : cancións con consignas para bailar, musicogramas, patróns rítmicos musicais sinxelos, contos musicados, cancións con pictogramas e traballo coa música clásica":

- LA PRIMAVERA DE VIVALDI (MUSICOGRAMA)
- LLEGÓ LA PRIMAVERA (CUENTO MUSICADO)
- LA PRIMAVERA (CANCIÓN CON PICTOGRAMAS)
- I GOTTA FEELING. VERSIÓN ALTERNATIVA. JUST DANCE 2016
- I LIKE TO MOVE IT (EASY DANCE)
- LOS DÍAS DE LA SEMANA (CANCIÓN)
- LA CARRERA MUSICAL (CANCIÓN)

Psicomotricidade (Premede no enlace do [blog dos Mestres de EF](#)).

Para relaxarse e volver a calma podemos utilizar o seguinte recurso: "[El cuento de las mariposas](#)" ou tamén "[Rugir como el león](#)".

Podemos aproveitar estes días para realizar exercicios coa boca (Praxias). Aquí tedes algún enlace novo:

- Praxias
- Praxias divertidas

Un aspecto moi importante en educación infantil é promover a investigación-acción e para isto, entre outras actividades, facemos experimentos e actividades variadas... Propoñemos dous para as dúas vindeiras semanas.

Experimento 1: "Debuxos secretos con tinta máxica". Nesta ocasión realizaremos debuxos secreto con tinta máxica. Esta tinta é tan máxica que é invisible. Queredes saber como se fai esta tinta? Aquí tedes os pasos:

Que necesitamos?

- Bastoncillos de algodón.
- Zume de limón.

Como o facemos?

Primeiro esprememos o zume de medio limón. Mollamos o bastoncillo no zume e xa podemos facer debuxos con tinta máxica. Para ver o debuxo, coa axuda dunha persoa adulta, achegamos a folla a unha fonte de calor (lámpada, flexo,...). A tinta comezará a poñerse de cor escura e poderás ver o teu debuxo.



Actividade 2: " Os transvasamentos". As actividades de transvasamentos serven para traballar o xiro da man, da boneca e da pinza. Para realizar a actividade precisamos: arroz, lentellas, noces, etc., calquera alimento que teñamos na casa e que sexa seguro para os/as nenos/as. Despois precisamos cuncos, vasos, xerras e pinzas. Comezamos con sólidos e despois con líquidos. Os pasos a seguir son:

Primeiro transvasamento con toda a man (exemplo unha noz) e seguimos con transvasamentos húmidos con toda a man (usando unha esponxa por exemplo).


Despois traballamos o xiro da boneca. Por exemplo: pasamos dunha xerra a outra un pouco de legume.

A continuación facemos o transvasamento usando pinzas grandes ata que poidamos usar a culler para transferir alimentos.

En último lugar, cando teñamos a destreza suficiente facemos o transvasamento con pinzas pequenas.

Recordade empezar primeiro son sólidos e despois con líquidos. Os/as nenos/as séntense especialmente atraídos polas actividades que

involucren auga co que poden pasar certo tempo facendo transvasamentos e así exercitamos a súa concentración tamén.



Para traballar os **valores** aproveitamos as diferentes situacións do día a día, mediante contos (como os que reflectimos anteriormente) ou por medio de anacos de películas ou cortos infantís. Enviamos algúns enlaces novos que poden ser interesantes para ver en familia estes días e falar do que acontece neles:

- [Piper](#).
- [Retrocycling Robot](#).

Sexto

Recollemos e lembramos as actividades feitas.

➤ Algunhas páxinas web que lles gustan son:

<https://arbolabc.com/>

<http://recursostic.educacion.es/infantil/fantasmin/web/>

<https://www.elbuhoboo.com/>

<https://www.juegosinfantilespum.com/>

<http://www.cristic.com/>

➤ Para obter recursos podees empregar:

<https://www.orientacionandujar.es/> (contidos de todo tipo)

<https://es.ixl.com/math/> (para traballar conceptos matemáticos)

<https://www.imageneseducativas.com/>

<https://www.pequeocio.com/>

Poderedes mandar se queredes as actividades feitas ás seguintes direccións de correo:

Alumnado 3 anos A (Mónica): mescariz@edu.xunta.es

Alumnado 3 anos B (Nieves): fachalandrade@edu.xunta.es







MOITÍSIMO ÁNIMO !!

NIEVES, MÓNICA, MARTA E PATRICIA

FICHAS


Dibuja y descubre el 1

Sigue con el dedo el trazado del 1 y di «1».



uno





Dibuja con un lápiz o rotulador el número 1.



FICHA
2


Dibuja y descubre el 2

Segue con el dedo el trazado del 2 y di «2».





dos

Dibuja con un lápiz o rotulador el número 2.



FICHA 3

* ULMOS OU ESCOITAMOS? *



UNE CADA OBXECTO CO SENTIDO NECESARIO PARA PERCIBIILLO




“O XARDÍN DAS BOLBORETAS”


REPASA A BOLBORETA POLA LIÑA DE PUNTOS E COLOREA. DESPOIS DEBUXA OUTRAS BOLBORETAS.

FICHA 5


RECORTA POLA LIÑA DE PUNTOS E VOLVE A MONTAR NA MESMA ORDE A IMAXE DA ABELLA..




REPASAMOS AS VOGAIS CUN LAPIS E PINTAMOS A ORUGA. ESCRIBIMOS AS VOGAIS NOS CÍRCULOS



El caracol de colores




Pinta el caracol alternando los colores.
Luego decóralo con los motivos decorativos
que más te gusten.




FICHA 8









Formas y colores



Formas y colores




Recorta las imágenes de la página 191 y luego pégalas en el lugar adecuado de la tabla, en función de su forma y su color.





Colorea las nubes, el arco iris y la valla.
Luego dibuja flores de todos los colores en el prado.




FICHA 11

"SUDOKU DO TEMPO"



FICHA 12

BOLBORETA DE PRIMAVERA



FICHA 13

Materiais:

- Cartolinas de cores
- Rolos de papel hixiénico
- Adhesivos de ollos. (se non tedes podedes debuxalos)
- Modelo bolboreta
- Tesoiras
- Pegamento.

Proceso:

1. Imprimir a bolboreta . Se queredes, tamén a podedes facer vós á man.
2. Usar o modelo como molde para recortar as distintas bolboretas nas distintas cartolinas de cores.
3. Dobrar pola metade, para que colla algo de relevo.
4. Forrar o rolo de papel hixiénico con cartolina.
5. Facer dúas tiras nas que debuxaremos puntiños pégalo no interior do rolo (simulando ser as antenas)
6. Pegar a cartolina do corpo da bolboreta ó rolo de papel.
7. Recortar motivos de flores y pegarallas ó corpo da bolboreta, e por último pegar os ollos ou debuxalos

E listo!!!! Xa temos unha fermosa bolboreta para decorar a nosa casa con motivos da primavera.